



CONCELLO DE SARRIA

Maior 14

27600 SARRIA (Lugo)

CONCELLO DE SARRIA
REXISTRO ENTRADA
2016-E-RC-3059
26/04/2016 17:14



NOTIFICACIÓN

A directora xeral do Patrimonio Cultural ditou a resolución que seguidamente se transcribe na súa integridade:

“RESOLUCIÓN SOBRE AFECCIÓN AO PATRIMONIO CULTURAL

Expediente núm.: 2016/0124 CF
Interesada/o: Concello de Sarria
Concello: Sarria

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. O día 08 de febreiro de 2016, co núm. 182/RX220892 de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Lugo, recíbese unha solicitude do concello de Sarria para que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural informe sobre as obras reflectidas no proxecto técnico de mellora da accesibilidade do casco urbano e que afecta a varios emprazamentos do devandito concello.
2. Os emprazamentos nos que se pretenden levar a acabo as obras están situadas dentro da delimitación BIC do Camiño Francés, de conformidade co Decreto 227/2011, do 2 de decembro, polo que se aproba a súa delimitación. Respecto ao PXOM en tramitación, aprobado inicialmente no pleno do 20/07/2009, o tipo de solo é urbano sobre viario público. Respecto ao Plan Especial de Protección do Casco Histórico e do Camiño de Santiago ao seu paso pola vila de Sarria, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o día 11/11/2015, sinalase que o emprazamento indicado atópase dentro do territorio obxecto do plan especial.
3. Consta informe técnico do Concello de Sarria, de data 27/01/2016, asinado por Dona Fátima López Soto, arquitecta técnica municipal, emitido en sentido favorable.



4. Os emprazamentos nos que se pretenden levar a acabo as obras están situadas dentro da delimitación BIC do Camiño Francés, de conformidade co Decreto 227/2011, do 2 de decembro, polo que se aproba a súa delimitación. Respecto ao PXOM en tramitación, aprobado inicialmente no pleno do 20/07/2009, o tipo de solo é urbano sobre viario público. Respecto ao Plan Especial de Protección do Casco Histórico e do Camiño de Santiago ao seu paso pola vila de Sarria, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o día 11/11/2015, sinalase que o emprazamento indicado atópase dentro do territorio obxecto do plan especial.
5. Consta informe técnico do Concello de Sarria, de data 27/01/2016, asinado por Dna. Fátima López Soto, arquitecta técnica municipal, emitido en sentido favorable.
6. As melloras previstas no proxecto consisten en realizar varios vaos para peóns consistentes en superficies inclinadas destinadas a facilitar a comunicación entres as beirarrúas situadas a distinto nivel.

Tal e como se contempla nos planos de detalles adxuntos, considéranse dous tipos de vaos segundo as condicións nas que se atope a beirarrúa. Xeralmente os vaos realizaranse sen invadir a banda libre peonil excepto cando de trate de vías estreitas, nas que o vao realizarase rebaixando todo o ancho da beirarrúa en sentido lonxitudinal.

En todo caso, os vaos deberán cumprir as seguintes especificacións:

- Deberán ter a mesma anchura que os pasos de peóns;
- A continuidade entre a beirarrúa e a calzada, a través do vao realizarase sen resaltes, e o paso deberá estar expedito, é dicir, sen obstáculo algún;
- Deberá evitarse que se produzan empozamentos de auga nos vaos;
- Deseñaranse de xeito que os dous niveis a comunicar se enlacen por un ou varios planos inclinados con pendentes máxima do 10 % (de ser varios planos inclinados todos terán a mesma inclinación).

Os vaos nos que se ten previsto actuar son os seguintes:

1.- Marqués de Uxena – Marquesa Casa López	Vao en estado deficiente sen reunir as características dun vao accesible. Precisa rebaixe de beirarrúas. Debe desprazarse o farol por atoparse nun punto crítico de manobrabilidade. Adecuaranse as tapas de rexistros ata acadar un pavimento continuo.
---	---



<p>2.- Sociais Pedro Saco</p>	<p>Establecese unha nova situación dentro da urbanización interior preto da rampla de acceso á Praza da Vila.</p> <p>Precisa rebaixe de beirarrúas.</p> <p>Adecuaranse as tapas de rexistros ata acadar un pavimento continuo.</p>
<p>3.- Porvir – Marqués de Uxena – Vázquez Saco – Padre Sarmiento</p>	<p>Cruce concorrido, moi próximo á Casa da Cultura</p> <p>Precisa rebaixe de beirarrúas.</p> <p>Adecuaranse as tapas de rexistros ata acadar un pavimento continuo.</p>
<p>4.- Rosalía de Castro</p>	<p>Non existe paso de peóns nin vao, pese a ser unha situación moi próxima ao Concello.</p> <p>Precisa rebaixe de beirarrúas.</p> <p>Debe desprazarse o farol por atoparse nun punto crítico de manobrabilidade.</p> <p>Adecuaranse as tapas de rexistros ata acadar un pavimento continuo.</p>
<p>5.- Porvir (esquina José Antonio)</p>	<p>Cruce concorrido. Precisa rebaixe de beirarrúas.</p> <p>Adecuaranse as tapas de rexistros ata acadar un pavimento continuo.</p> <p>Deberá realizarse un recheo para garantir a continuidade do pavimento do marxe sur.</p>
<p>6.- San Eufrasio</p>	<p>Non existe paso, pero ao executarse unha praza de aparcamento accesible é preciso a realización do rebaixe.</p>



<p>7.- Benigno Quiroga</p>	<p>Rúa con accesibilidade deficiente, polo que se plantea a mellora nun punto intermedio.</p> <p>Precisa rebaixe de beirarrúas.</p> <p>Deberá realizarse un recheo para garantir a continuidade do pavimento.</p> <p>Adecuaranse as tapas de rexistros ata acadar un pavimento continuo.</p>
<p>8.- Pavillón (Castelao)</p>	<p>Non existe vao posto que se atopa dentro do aparcamento público.</p> <p>Debe realizarse unha rampla que de acceso o vestíbulo do establecemento.</p>
<p>9.- Castelao (IES)</p>	<p>Rúa con accesibilidade deficiente, polo que se plantea a mellora fronte o acceso o IES por tratarse dun punto concorrido.</p> <p>Precisa rebaixe de beirarrúas.</p> <p>Adecuaranse as tapas de rexistros ata acadar un pavimento continuo.</p>
<p>10.- Colexio Frei Luis de Granada</p>	<p>Rúa con accesibilidade deficiente, polo que se plantea a mellora fronte o acceso o colexio por tratarse dun punto concorrido.</p> <p>Precisa rebaixe de beirarrúas. Adecuaranse as tapas de rexistros ata acadar un pavimento continuo.</p>

Referente ás demolicións e movemento de terras, demolerase o actual pavimento de beirarrúas e bordos, así como as soleiras de formigón en masa en nos puntos a intervir por medios mecánicos.

Desmontarase ou escavarase mediante medios mecánicos nas beirarrúas ata a cota fixada pola Dirección Facultativa.

No que atinxe aos novos firmes, solados e pavimentos, nas beirarrúas, rasantearase con zahorras ata acadar a cota para a soleira de formigón, segundo indican os planos. Ditas zahorras de nivelación colocaranse sobre o terreo previamente compactado.



O bordo colocarase sobre o leito de formigón en masa de HM-15, e será de formigón prefabricado, de dimensións 12/15x25x50 cm. Unha vez trazado, colocado e nivelado rexuntarase con morteiro 1:6.

A soleira das beirarrúas será de formigón en masa HM-20, tamaño máximo do árido 25mm de consistencia plástica e 12 cm de espesor.

As superficies destinadas ao tránsito peonil pavimentaranse con baldosa táctil de botóns ou listas de formigón para uso exterior de 25x25 ou 30x30 cm e cor diferenciada do pavimento existente (vermello ou negro).

Posteriormente rexuntarase con calea de cemento coloreada da mesma tonalidade das baldosas. Ó finalizar deixarase a superficie limpa e sen restos.

Prazas de aparcadoiro adaptadas para persoas de mobilidade reducida.

Estas prazas deben atoparse o máis próximo aos puntos de cruce entre os itinerarios peonís accesibles e os itinerarios vehiculares, garantido o acceso desde a zona de transferencia ata o itinerario peonil accesible de forma autónoma e segura.

As dimensións mínimas serán de 5,00 m de lonxitude x 2,20 m de ancho e ademais disporán dunha zona de aproximación e transferencia lateral dunha lonxitude igual a da praza e un ancho mínimo de 1,50 m. O acabado realizarase con pintura de clorocaucho de cor azul. Colocaranse sinalizacións S-17 Accesible, sobre postes galvanizados de dimensión mínima 3m de largo e sección 80*80*2 mm, fronte a cada praza reservada.

7. Consta no expediente o informe do persoal técnico da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural emitido o día 11 de abril de 2016, que indica:

“As actuacións que se propoñen son de mellora da accesibilidade en diversos cruces da trama urbana de Sarria, encontrándose os puntos de intervención núm. 1,2,3,4,5,11,12,13 dentro da delimitación do territorio histórico do Camiño Francés, sendo as actuacións 1, 4, 11, e 12 as máis próximas á traza.

As obras pretenden formar vaos peonís nos lugares de maior concorrencia de persoas e substituír os pavimentos existentes por outros de cor diferenciada para invidentes e con resaltes (lonxitudinais ou de botóns), en cores vermello ou negro, contando tamén cunha baldosa lisa sen cor definida, a escoller pola dirección facultativa das obras.

Enténdese que as cores máis respectuosas co contorno do camiño e que cumpran as condicións sinaladas no proxecto poden ser a vermella para os elementos con relevo e as ocres ou brancas para os elementos lisos, deixando nun segundo lugar as negras.

Todas as actuacións realízanse en vías xa urbanizadas, polo que contan con pavimento en xeral de baldosa hidráulica de cor gris, que se mantén nas zonas onde non se producen actuacións.

A sinalización das novas prazas de aparcamento resulta axeitada cos materiais e cores requiridos pola normativa de accesibilidade en vigor.”

8. O Comité Asesor do Camiño de Santiago, reunido en comisión o día 12 de abril de 2016, asume o expresado nos informes técnicos e emite un ditame favorable ao solicitado, de acordo co cumprimento das condicións expresadas no corpo do



informe do persoal técnico da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, expostas no punto anterior.

NORMATIVA APLICABLE

A. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 46/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor do Camiño de Santiago, modificado polo Decreto 225/2010, do 30 de decembro.
- Decreto 227/2011, do 2 de decembro, polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, dende a entrada no municipio de Pedrafita do Cebreiro ata o límite do termo municipal do Pino, coa excepción do tramo entre o lugar de Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no concello do Pino.
- As demais normas de aplicación, nomeadamente as referentes ao réxime do solo e á ordenación urbana en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural, e moi particularmente as Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro.
- As actuacións están localizadas no territorio histórico do Camiño de Santiago, Camiño Francés, que ten a consideración de ben de interese cultural (BIC) coma conxunto histórico polo Decreto 2224/1962, do 5 de setembro, e segundo a traza e delimitación do Decreto 227/2011, do 2 de decembro, polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, desde a entrada no municipio de Pedrafita do Cebreiro ata o límite do termo municipal do Pino.

B. Segundo o artigo 37 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, calquera intervención que se pretenda realizar nun ben de interese cultural deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura, previamente á concesión da licenza municipal. O artigo 30 da Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago e o artigo 3 do Decreto 46/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor do Camiño de Santiago, atribúen ao citado comité a competencia para emitir, en relación coa intervención solicitada, o informe preceptivo previo a esta resolución.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural é competente para resolver este expediente segundo o artigo 30.1. letra f) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e o artigo 13.1.f) do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



De acordo con todo o indicado, á vista do que informou o persoal técnico desta dirección xeral e, de acordo co ditame do Comité Asesor do Camiño de Santiago, **RESOLVO:**

Autorizar as obras reflectidas no proxecto técnico de mellora da accesibilidade do casco urbano, que afecta a varios emprazamentos do concello de Sarria, de acordo co cumprimento das condicións reflectidas no punto 7 dos antecedentes e consideracións técnicas desta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2016
A directora xeral do Patrimonio Cultural
Maria del Carmen Martínez Insua"

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, que se contará dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O que se notifica en cumprimento e para os efectos do artigo 58 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2016
O subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural

Juan Antonio Naveira Seoane



